



FACULTAD DE ENFERMERÍA

# **UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

## **TRABALLO DE FIN DE GRAO**

**“MULLERES EN SITUACIÓN DE PROSTITUCIÓN. SAÚDE  
MENTAL E A PROBLEMÁTICA QUE AS ENVOLVE”**



FACULTADE DE ENFERMARÍA

**UNIVERSIDAD DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Dn/ña Mónica Antelo Martelo., Profesor/a Asociada del Departamento de Enfermería de la Universidad de Santiago de Compostela, y tutor/a de la alumna/o de cuarto de Grado de Enfermería Informa:

Que el Proyecto Fin de Grado, titulado: “ Mulleres en situación de prostitución. Saúde mental e a problemática que as envolve” presentado por Dn/ña Clara Suárez Rama ha sido realizado bajo mi dirección.

Santiago de Compostela, 28 de junio de 2022

Director/a del Trabajo Fin de Grado

Alumno/a del Grado de Enfermería

Prof/a Mónica Antelo Martelo

Dña Clara Suárez Rama

## ÍNDICE

1.	Resumo.....	páx.4
2.	Introdución.....	páx.6
3.	Obxectivos.....	páx.8
4.	Metodoloxía.....	páx.8
5.	Resultados.....	páx.9
6.	Discusión.....	páx.17
7.	Conclusións.....	páx.18
8.	Bibliografía.....	páx.20

## 1. RESUMO

**Introdución:** A prostitución é o intercambio de sexo por unha recompensa, normalmente económica. Ao longo dos anos foi creada unha industria do sexo onde a maioría das implicadas son mulleres e os maiores consumidores (99, 7%) son homes. Nun contexto onde o consentimento é comprado e a violencia é intensa, as prostitutas viven desprotexidas e cunha falta de liberdade que atenta contra os dereitos humanos.

**Obxectivos:** demostrar que a prostitución é unha situación que afecta á saúde mental das mulleres prostituídas; Atopar os principais problemas de saúde mental en prostitutas; Amosar a problemática da drogadicción nas prostitutas; Investigar por que aparecen problemas de saúde mental en traballadoras sexuais.

**Metodoloxía:** realizouse unha revisión bibliográfica sistemática en diversas bases de datos: PubMed, Google Scholar e Dialnet.

**Resultados:** atópase que as prostitutas teñen máis problemas de saúde mental cá poboación xeral. Os problemas máis frecuentes son o Trastorno Depresivo, Trastorno de Estrés Post Traumático (TEPT), ideación e tentativa suicida, Trastorno Antisocial e Límite da personalidade e dissociacións. A drogadicción é outro dos grandes problemas que se atoparon que afecta a unha alta porcentaxe de traballadoras sexuais. Os motivos do déficit de saúde mental veñen dende a violencia sufrida, a desprotección sanitaria e o estigma e marxinación social que padecen.

**Conclusión:** a prostitución é un problema para a saúde pública. As prostitutas sofren máis problemas de saúde mental cá o resto da poboación debido a unha insostible situación que as leva a un mundo cheo de trastornos e adiccións.

**Palabras clave:** "Prostitución", "Traballadoras sexuais", "Saúde mental", "Violencia sexual", "Trastorno mental", "Adiccións, abuso de drogas e alcohol".

## RESUMEN

**Introducción:** La prostitución es el intercambio de servicios sexuales por una recompensa, generalmente económica. A lo largo de los años se ha ido creando una industria del sexo donde la mayoría de las implicadas son mujeres y los mayores consumidores (99,7%) son hombres. En un contexto donde se compra el consentimiento y la violencia es intensa, las prostitutas viven desprotegidas, tanto por la ley como por la sociedad; con una falta de libertad que viola los derechos humanos.

**Objetivos:** Demostrar que la prostitución es una situación que afecta la salud mental de las mujeres prostituidas; Encuentra los principales problemas de salud mental en las prostitutas; Mostrar el problema de adicción a las drogas en las prostitutas; Investigar por qué se producen problemas de salud mental en las trabajadoras sexuales.

**Metodología:** Se realizó una revisión bibliográfica sistemática en diversas bases de datos: PubMed, Google Scholar y Dialnet.

**Resultados:** Se encontró que las prostitutas tienen más problemas de salud mental que la población general. Los problemas más comunes son el trastorno depresivo, el trastorno de estrés postraumático (TEPT), la ideación y el intento de suicidio, el trastorno antisocial y los límites de la personalidad y la disociación. La adicción a las drogas es otro problema importante que se ha encontrado y que afecta a un alto porcentaje de trabajadoras sexuales. Las razones del déficit en salud mental provienen de la violencia sufrida, la falta de protección en salud y el estigma y marginación social que sufren.

**Conclusión:** La prostitución es un problema de salud pública. Las prostitutas sufren más problemas de salud mental que el resto de la población, debido a una situación insostenible que las lleva a un mundo lleno de trastornos y adicciones.

**Palabras clave:** "Prostitución", "Trabajadores sexuales", "Salud mental", "Violencia sexual", "Trastorno mental", "Abuso de alcohol, drogas y salud mental"

## **ABSTRACT**

**Introduction:** Prostitution is the exchange of sexual services for a reward, usually financial. Over the years, a sex industry has been created where the majority of those involved are women and the largest consumers (99.7%) are men. In a context where consent is bought and violence is intense, prostitutes live unprotected, both by the law and by society; with a lack of freedom that violates human rights.

**Objectives:** Demonstrate that prostitution is a situation that affects the mental health of prostituted women; Find the main mental health problems in prostitutes; Show the problem of drug addiction in prostitutes; Investigate why mental health problems occur in sex workers.

**Methodology:** A systematic bibliographic review was carried out in various databases: PubMed, Google Scholar and Dialnet.

**Results:** It is found that prostitutes have more mental health problems than the general population. The most common problems are depressive disorder, post-traumatic stress disorder (PTSD), suicidal ideation and attempt, antisocial disorder, and personality boundaries and dissociation. Drug addiction is another major problem that has been found to affect a high percentage of sex workers. The reasons for the deficit in mental health come from the violence suffered, the lack of health protection and the stigma and social marginalization they suffer.

**Conclusion:** Prostitution is a public health problem. Prostitutes suffer more mental health problems than the rest of the population, due to an unsustainable situation that leads them to a world full of disorders and addictions.

**Palabras clave:** "Prostitution", "Sex Workers", "Mental Health", "Sexual Violence", "Mental Disorder", "Alcohol, Drug Abuse and Mental Health"

---

## 2. INTRODUCCIÓN

A prostitución é ben coñecida por ser “o oficio máis antigo do mundo”. Caracterízase por unha persoa se entrega a outra de xeito sexual a cambio dunha recompensa, normalmente económica. Este feito, ao longo do tempo derivou nunha complexa e grande industria do sexo onde se ven implicadas, na súa maioría, mulleres que se entregan física e emocionalmente a persoas, das cales o 99,7% son varóns, que pagan por manter relacións sexuais. Este é un xeito comprar o consentimento, xa que, o desexo por parte da muller prostituída atópase ausente. Ante esta situación temos unha desigualdade que conduce a unha perda da liberdade e, moitas veces, acaba coa subordinación completa ao comprador. O que coñecemos coma o mundo da prostitución agacha violencia, pobreza, mortes e unha elevada vulneración dos dereitos humanos (1-3).

Entre os diversos países europeos, a situación actual do sistema prostitucional español é de alegalidade, xa que existe un vacío legal. O proxenetismo en España foi despenalizado parcialmente en 1995. Isto provocou unha grande cantidade de explotación sexual permitida, converténdose España nun dos principais países de “turismo sexual”. Hai ao redor de 1500 prostíbulos e un incontable número de pisos-burdeis ilegais. Tamén, este país é un dos grandes destinos da trata de mulleres con fins de ser explotadas sexualmente (1,3).

Na última década atopámonos cun crecemento marcado de mulleres que son prostituídas, aumento que comeza tras a crise económica do 2008. O empobrecemento da poboación levou a moitas mulleres a prostituírse. De igual xeito, atópanse na industria un gran número de inmigrantes e racializadas. Entre 2010 e 2015, foron asasinadas 31 prostitutas, das cales o 80% eran estranxeiras. A prostitución está relacionada directamente coa desigualdade social e a vulnerabilidade económica. Actualmente, tras a crise sanitaria e económica debida ao COVID-19 vólvese a observar un aumento de prostitutas (1-3).

Neste contexto, atopámonos cunha desprotección moi grande, onde entre o 40 e o 90% das prostitutas foron vítimas de violencia. Moitas denuncian feitos como roubos, golpes ou outro tipo humillacións por parte dos clientes. Así mesmo, a figura da traballadora sexual é unha das máis marxinaadas e discriminadas da sociedade, sendo o estigma unha das causas. Continúan sendo sinaladas e responsabilizadas da transmisión de ITS, en especial o VIH, a pesares de que a negativa de uso do preservativo ven de parte do cliente, coaccionando así á muller a non estar protexida. Esta marxinação e estigma é unha forma de violencia que conduce ao illamento e envolve nunha situación difícil ás vítimas deste sistema prostitucional. (2,4,5).

Dentro do mundo da prostitución atópanse mulleres que consumen drogas de forma patolóxica, onde estas adicións poden ser a causa ou consecuencia do traballo sexual. Unhas prostitutas exercen para obter ingresos económicos ou recibir sustancias como pago. Outras consumen por coacción dos clientes. Pero as drogas serán unha forma de enfrontamento da realidade, creando un problema de saúde grave que influirá en todos os sentidos. (2, 6)

**Xustificación:** a falta de liberdade e a situación complexa, chea de violencia, a falta de apoio social na que se atopan as vítimas da prostitución, das cales a inmensa maioría son mulleres, provoca que moitas destas teñan algún problema de saúde mental. Este traballo encamiñase en evidenciar esta problemática e tamén en visibilizar o grande problema de saúde pública que se xera a través da prostitución.

---

### 3. OBXECTIVOS

- O obxectivo principal é demostrar que a prostitución é unha situación que afecta á saúde mental das mulleres prostituídas.
- Obxectivos secundarios:
  - Atopar os principais problemas de saúde mental en prostitutas.
  - Amosar a problemática da drogadicción nas prostitutas.
  - Investigar por que aparecen problemas de saúde mental en traballadoras sexuais.

---

### 4. METODOLOXÍA

Para a realización deste traballo realizouse unha revisión bibliográfica sistemática en diferentes bases de datos: PubMed, Google Scholar e Dialnet. Seleccionáronse artigos que cumprían os criterios de inclusión e descartáronse aqueles que contiñan os criterios de exclusión. Así mesmo, tamén se utilizaron libros que conteñen datos e información sobre a liña temática.

Como criterios de inclusión empregáronse os seguintes:

- Artigos académicos publicados nos últimos 10 anos.
- Artigos nas linguas inglés e español.
- Textos académicos que contiveran información sobre a prostitución.
- Artigos e textos que falaran sobre a situación da muller na prostitución.

Como criterios de exclusión empregáronse:

- Artigos sobre rexións xeográficas con baixos ingresos ou con réximes diferentes aos europeos.
- Artigos noutras linguas diferentes ao inglés e ao español.
- Artigos publicados hai máis de 10 anos.
- Artigos que tivesen como temática a prostitución masculina.

Empregáronse os seguintes termos MeSH: “sex work”, “sex workers”, “mental health”, “alcohol, drug abuse and mental health”, “mental disorder”, “suicide”, “addiction, drug”, “mental



disorder”, “prostitution”, “sexual violence”. Utilizáronse os operadores booleanos AND, OR, NOT como nexos entre termos MeSH.

- A busca realizouse nas bases de datos que se nomean anteriormente (PubMed, Dialnet e Google Scholar).
- Seleccionáronse en total 24 artigos baseándose nos seus títulos.
- Descartouse un artigo por duplicación.
- Revisouse o resumo dos 23 artigos restantes.
- Descartáronse aqueles que non cumpriron os criterios de inclusión.
- Finalmente son escollidos 11 artigos que foron considerados necesarios para a realización desta revisión.

## 5. RESULTADOS

A continuación móstranse os resultados obtidos tras a busca:

### TÁBOA 1: Táboa de resultados.

*Fonte: elaboración propia.*

Autores	Tipo de estudo	Obxectivo relacionado	Resultados
Ruth Pinedo González <i>et al</i> (5)	Estudo exploratorio	<p>Demostrar que a prostitución é unha situación que afecta á saúde mental das mulleres prostituídas.</p> <p>Atopar os principais problemas de saúde mental en prostitutas.</p> <p>Amosar a problemática da drogadicción nas prostitutas.</p> <p>Investigar por que aparecen problemas de</p>	<p>A violencia física e sexual que sofren as traballadoras sexuais inflúe negativamente na súa saúde mental.</p> <p>A soidade e o illamento das prostitutas afecta á súa saúde mental.</p> <p>O consumo de drogas é maior cando máis soidade teñan as mulleres prostituídas e relaciónase cun deterioro da súa saúde mental.</p>

Autores	Tipo de estudo	Obxectivo relacionado	Resultados
		saúde mental en traballadoras sexuais.	
Ju Nyeong Park <i>et al</i>  (6)	Estudo de cohortes prospectivos	<p>Demostrar que a prostitución é unha situación que afecta á saúde mental das mulleres prostituídas.</p> <p>Amosar a problemática da drogadicción nas prostitutas.</p> <p>Atopar os principais problemas de saúde mental en prostitutas.</p> <p>Investigar por que aparecen problemas de saúde mental en traballadoras sexuais.</p>	<p>Alta prevalencia de problemas de saúde mental en traballadoras sexuais.</p> <p>Alto consumo de sustancias con fins dissociativos.</p> <p>Síntomas de Trastorno de Estrés Postraumático (TEPT) relacionados coa violencia sexual.</p> <p>TEPT agravado por consumo de sustancias e alcohol.</p> <p>Frecuente consumo de alcohol.</p>
Daisy Manning <i>et al</i> (7)	Estudo de casos e controis	<p>Demostrar que a prostitución é unha situación que afecta á saúde mental das mulleres prostituídas.</p> <p>Amosar a problemática da drogadicción nas prostitutas.</p>	<p>O estado da saúde mental está máis deteriorado nas traballadoras sexuais cá no resto da poboación.</p> <p>As prostitutas presentan unha maior taxa de consumo de drogas.</p>
Alexandre Teixeira e Alexandra	Estudo exploratorio	Demostrar que a prostitución é unha situación que afecta á	A mulleres traballadoras sexuais contan con máis problemas de saúde mental cá poboación xeral.

Autores	Tipo de estudo	Obxectivo relacionado	Resultados
Oliveira (8)		<p>saúde mental das mulleres prostituídas.</p> <p>Atopar os principais problemas de saúde mental en prostitutas.</p> <p>Amosar a problemática da drogadicción nas prostitutas.</p> <p>Investigar por que aparecen problemas de saúde mental en traballadoras sexuais.</p>	<p>Hai unha maior taxa de intentos de suicidio.</p> <p>Máis da metade da mostra (55'8%) ten unha mala saúde mental.</p> <p>A metade da mostra tentou suicidarse algunha vez (52'2%).</p> <p>Obsérvase un nivel alto de consumo de drogas.</p>
María Jesús Cabrerizo Egea (9)	Tese doutoral	<p>Demostrar que a prostitución é unha situación que afecta á saúde mental das mulleres prostituídas.</p> <p>Atopar os principais problemas de saúde mental en prostitutas.</p> <p>Amosar a problemática da drogadicción nas prostitutas.</p> <p>Investigar por que aparecen problemas de saúde mental en traballadoras sexuais.</p>	<p>As mulleres que exercen a prostitución teñen máis problemas de saúde mental que as mulleres que non a exercen.</p> <p>Hai un consumo de sustancias psicoactivas (tabaco, alcohol, cocaína, heroína...) moi alto entre as prostitutas.</p> <p>O consumo de drogas está relacionado coa intención de disociar a dor física e emocional que son consecuencia da violencia sufrida no exercicio da prostitución.</p> <p>As prostitutas presentan unha autoestima máis pobre, unha peor percepción do seu corpo e maior hostilidade.</p> <p>Evidénciase un maior grao de estrés con presenza de trastornos psicossomáticos.</p>

Autores	Tipo de estudo	Obxectivo relacionado	Resultados
Katherine A. Cascio (10)		<p>Demostrar que a prostitución é unha situación que afecta á saúde mental das mulleres prostituídas.</p> <p>Atopar os principais problemas de saúde mental en prostitutas.</p> <p>Amosar a problemática da drogadicción nas prostitutas.</p> <p>Investigar por que aparecen problemas de saúde mental en traballadoras sexuais.</p>	<p>As prostitutas presentan maior número de experiencias traumáticas.</p> <p>As mulleres que exercen prostitución contan con porcentaxes máis altos de trastornos mentais (depresión, abuso de sustancias, ansiedade e TEPT) cás mulleres que non exercen.</p>

Autores	Tipo de estudo	Obxectivo relacionado	Resultados
Danijela Tiosavljević <i>et al</i> (11)	Revisión bibliográfica	<p>Demostrar que a prostitución é unha situación que afecta á saúde mental das mulleres prostituídas.</p> <p>Atopar os principais problemas de saúde mental en prostitutas.</p> <p>Amosar a problemática da drogadicción nas prostitutas.</p> <p>Investigar por que aparecen problemas de saúde mental en traballadoras sexuais.</p>	<p>A prostitución está relacionada co uso abusivo de drogas.</p> <p>Repórtase que o uso de drogas débese á necesidade de disociación para soportar os abusos por parte de clientes e a opresión á que se ven sometidas.</p> <p>A “morbilidade psicolóxica” é a base da prostitución.</p> <p>A prostitución afecta á saúde mental e física, así como á moralidade.</p> <p>O trastorno antisocial da personalidade e o trastorno límite da personalidade con síntomas depresivos e disociación son característicos das prostitutas.</p> <p>A disociación é un mecanismo de defensa característico nas mulleres que exercen prostitución porque permite afrontar a realidade.</p>
Juan Millán Alanis <i>et al</i> (12)	Revisión sistemática e metaanálise	<p>Demostrar que a prostitución é unha situación que afecta á saúde mental das mulleres prostituídas.</p> <p>Atopar os principais problemas de saúde mental en prostitutas.</p> <p>Investigar por que aparecen problemas de</p>	<p>A prevalencia de trastornos mentais en prostitutas é maior cá da poboación xeral.</p> <p>A violencia sufrida é un factor que fai que se desenvolvan problemas de saúde mental. A porcentaxe de violencia é moi alta.</p> <p>Existe unha elevada prevalencia de TEPT, depresión, ideación suicida e de tentativas de suicidio.</p> <p>Exprésase a necesidade de servizos</p>

Autores	Tipo de estudo	Obxectivo relacionado	Resultados
		saúde mental en traballadoras sexuais.	sanitarios que axuden ás prostitutas.

**Ruth Pinedo González *et al* (5)** realizan un estudo sobre a violencia, soidade e a saúde das traballadoras sexuais femininas. Establecen que estas son un grupo vulnerable que debido á violencia física e sexual, é máis probable que presenten problemas de saúde mental.

Así mesmo, expoñen que as súas circunstancias, que combinan estes abusos físicos e psicolóxicos cunha pobreza de autoestima, levan á unha situación de soidade que afecta tanto á saúde física como á mental.

Relacionan o deterioro da integridade da mente cun consumo excesivo de drogas ilegais que, á súa vez, provocan un agravamento da saúde mental.

**Ju Nyeong Park *et al* (6)** establecen no seu estudo que hai unha alta prevalencia de problemas de saúde mental entre as mulleres que exercen a prostitución.

Neste estudo expónse que as prostitutas son vítimas de violencia sexual (82,4%) e física (65,1%) por parte de clientes. Esta provoca que os síntomas de Trastorno de Estrés Post Traumático (TEPT) estean presentes en máis da metade (61,4%) das prostitutas que forman parte do estudo.

Por este motivo, obsérvase que as mulleres prostituídas participantes contan cunha elevada porcentaxe de Trastorno por Consumo de Sustancias e de consumo excesivo de alcohol, empregados con fins dissociativos para aturar os eventos traumáticos. A abstinencia de drogas e alcohol agrava os síntomas de TEPT.

**Daisy Manning *et al* (7)** realizaron un estudo de casos e controis. O grupo casos a estudar eran traballadoras sexuais que acudían ao Centro de Referencia de Agresións Sexuais de Saint Marys e o grupo control era unha representación da poboación xeral.

Neste artigo expónse que as mulleres que exercen prostitución presentan máis problemas de saúde mental cá mostra representante da poboación xeral, así como se observa que acoden máis a

servizos de Saúde Mental.

De igual xeito, demóstrase que as prostitutas presentan un maior consumo de alcohol e drogas, en especial cocaína e heroína. O resultado deste estudo mostra que 9 de cada 20 traballadoras sexuais que acudían ao centro eran dependentes, sendo máis habitual en mulleres que exercen na rúa. Indican que a porcentaxe de adiccións pode ser maior, xa que, é probable que haxa un erro na comunicación entre o profesional da saúde e a paciente; ademais, contemplan que a dependencia pode ser un obstáculo que impide que as mulleres acudan a un centro coma o deste estudo, do cal se saca a mostra do grupo casos.

**Alexandre Teixeira e Alexandra Oliveira (8)** realizan un estudo exploratorio nas prostitutas da rúa onde o 94,2% da súa mostra foi vítima de violencia exercendo. O 32,7% afirmou ser consumidor de drogas, sendo a cocaína a máis abundante e o 21,2% era consumidor habitual de alcohol.

O 55% deste estudo fora diagnosticado dun problema de saúde mental. O trastorno máis habitual foi o Trastorno Depresivo, cunha porcentaxe do 88,2%.

Repórtase que o 44,2% tivo, polo menos, unha tentativa suicida e o 30,4% tentouno máis de tres veces.

Chégase á conclusión de que as traballadoras sexuais son un grupo vulnerable que sofre máis problemas de saúde mental cá poboación xeral. As ideas suicidas e as tentativas son frecuentes, así como a presenza de trastornos mentais e dun grande abuso de drogas. Afirman que esta situación débese a que as mulleres que exercen prostitución son vítimas de violencia durante o exercicio do traballo. Ademais, atópase que estas prostitutas ás que se lles fora diagnosticado un problema non recibira atención nin seguimento por parte de profesionais.

**María Jesús Cabrerizo Egea (9)** realiza unha tese doutoral onde establece que as prostitutas, debido á violencia sufrida e ao estigma, son susceptibles de sufrir trastornos depresivos ou outros problemas de saúde mental, polo tanto considera que son un sector da poboación en risco.

A autora da tese expón o problema do consumo de sustancias psicoactivas e alcohol entre as mulleres prostitutas, e indica que se empregan as drogas son un método para “apaciguar a dor psíquica e emocional que padecen”(9) debido á violencia á que se ven sometidas.

Chega á conclusión de que as traballadoras sexuais padecen máis problemas de saúde mental cá o resto da poboación, así como, que presentan unha peor autoestima cunha peor percepción do

seu corpo e un maior grao de estrés con grande presenza de trastornos psicossomáticos asociados.

**Katherine A. Cascio (10)** afirma que as mulleres que exercen prostitución teñen unha peor saúde mental cá quen non a exerce, os cales están vinculados a traumas previos ao exercicio do traballo sexual, á violencia que sofren durante a práctica, e ao estigma que hai sobre elas. Indica que non existen mulleres prostitutas sen que nalgún momento foran vítimas de maltrato.

Tras estas afirmacións, evidencia que entre as prostitutas hai unha alta prevalencia de traumas, trastornos depresivos, consumo de drogas e TEPT.

A pesares destas situacións, a autora expón que apenas existen programas de axuda nin estudos que presenten recomendacións para saír da prostitución.

**Danijela Tiosavljević et al (11)** realizan unha revisión bibliográfica sobre a prostitución como situación psiquiátrica.

Neste artigo, os autores establecen unha relación entre a prostitución e máis o uso abusivo de drogas. Dan a coñecer que este consumo débese a que é empregado como mecanismo para soportar á opresión sufrida. Establecen unha “morbilidade psicolóxica” como base principal da prostitución e que esta serve como predecesora ás adiccións.

Así mesmo, evidencian que a prostitución pon en risco á saúde mental e á moral. Atopouse que as prostitutas posuían unha peor madurez moral e pobreza de mecanismos de afrontamento.

En canto á súa personalidade, achouse que o perfil da traballadora sexual é anormal, así como, se evidenciou a presenza de psicopatoloxías. Nelas destacan trazos de Trastornos da Personalidade Antisocial e Límite, asociados con síntomas depresivos e disociacións como mecanismos de defensa.

Os autores chegan á conclusión que as prostitutas forman parte dun grupo desviado da sociedade, considéranas coma “un fenómeno sociopatolóxico” (11) e establécese á prostitución coma unha situación médica.

**Juan Millán Alanis et al (12)** na súa revisión sistemática e metaanálise analizan a prevalencia de tendencias suicidas, depresión, TEPT e ansiedade en prostitutas. Os resultados do estudo foron:

- A prevalencia de ideación suicida foi dun 27%.
- A prevalencia de intento de suicidio foi do 20%.



- A prevalencia de depresión resultou nun 44%.
- A prevalencia de TEPT foi do 29%.

Os autores consideran que as traballadoras sexuais son un grupo vulnerable que está exposto a unhas condicións violentas que se vencellan co desenvolvemento de psicopatoloxías. Afirmar que a prevalencia de trastornos mentais é superior á media xeral.

Sinalan que as prostitutas que traballan nas rúas posúen un nivel máis alto de TEPT debido á falta de protección, acceso a servizos sanitarios, ao estigma e máis á violencia sufrida.

Consideran que a violencia que sofren as prostitutas é habitual e que a proporción desta é maior á media xeral de violencia de xénero que establece a OMS. Este feito é unha das grandes causas da aparición de TEPT.

Chegan á conclusión de que a prevalencia dos problemas mentais mencionados anteriormente é moi alta. Poñen énfase na necesidade de servizos que brinden protección ás mulleres que exercen, xa que, os problemas de saúde mental poden ir moi alá e provocar que se realicen condutas de risco.

Os estudos empregados para a realización do artigo son pertencentes a diversos países, polo que ofrece unha vista global do problema.

---

## 6. DISCUSIÓN

### **6.1 Obxectivo principal: demostrar que a prostitución é unha situación que afecta á saúde mental das mulleres prostituídas.**

Todos os artigos que foron consultados para a realización desta revisión coinciden e evidencian, dunha forma clara, que as mulleres prostituídas contan cunha peor saúde mental cá poboación xeral. (5-12)

Establécese a alta prevalencia de trastornos mentais que existen entre prostitutas, evidencia que fai que as mulleres prostitutas sexan consideradas un grupo vulnerable e de risco. (5-12)

### **6.2 Obxectivo secundario: atopar os principais problemas de saúde mental en prostitutas.**

Entre todos os artigos revisados, atopáronse variados trastornos e problemas de saúde mental que afectan ás prostitutas.

O Trastorno de Estrés Post Traumático (TEPT) é habitual nas vítimas de prostitución.(6, 10, 12). Juan Millán Alanis *et al* (12) estiman unha prevalencia do 29%. (12) De igual xeito, Ju Nyeong Park *et al* (6) atopáronse que este trastorno estaba presente no 61,4% das participantes que formaban parte do seu estudo. (6)

O Trastorno Depresivo é outra enfermidade mental presente nas prostitutas, cunha alta prevalencia (8-12), que segundo Juan Millán Alanis *et al*, é do 44% (12).

A ideación suicida, nas mesmas, é frecuente, moitas veces derivada dun Trastorno Depresivo. Estas ideas convértense en tentativas, e evidénciase que estas son repetidas en varias ocasións. (8,12)

Tamén se relacionan ás prostitutas con patróns de conduta que encaixan nalgúns Trastornos da Personalidade coma o Antisocial ou o Límite, con presenza de mecanismos dissociativos como mecanismo de defensa. (11)

### **6.3 Obxectivo secundario: Amosar a problemática da drogadicción nas prostitutas.**

En todos os artigos consultados noméase o consumo de drogas e da dependencia destas coma un problema grave presente nas traballadoras sexuais que ten consecuencias na saúde mental. (5-12)

O uso de drogas está relacionado, nunha grande cantidade de casos, coa necesidade de disociación, xa que, atópanse testemuñas que afirman consumir co fin de sobrevivir ao maltrato, abusos e violencia e así canalizar as experiencias traumáticas que viven no seu día a día exercendo a prostitución. (6, 9, 11)

Atópase que as traballadoras sexuais das rúas son as máis consumidoras, sendo tamén as máis maltratadas. (8, 12)

Os autores expoñen que as drogas máis consumidas no mundo da prostitución son a cocaína, a heroína e o alcohol. (7, 8, 9)

O abuso de drogas, así como a súa abstinencia, provocan un agravamento na saúde mental das mulleres prostituídas. (5-12)

De igual xeito, expónse a drogodependencia coma un obstáculo que impide o tratamento sanitario das psicopatoloxías das prostitutas. (7)

#### **6.4 Obxectivo secundario: Investigar por que aparecen problemas de saúde mental en traballadoras sexuais.**

Varios autores coinciden no feito de que as prostitutas son vítimas de violencia física, psicolóxica e sexual. Os abusos son habituais durante o exercicio do traballo sexual, onde son os clientes os principais agresores. Isto agrava os síntomas psiquiátricos e empeoran as patoloxías previamente presentes. (5, 6, 8, 9, 10, 12)

Algúns autores expoñen que os abusos sufridos provocan un deterioro da autoestima, un aumento da hostilidade e unha peor autopercepción. Estas dificultades empeoran o mecanismos de afrontamento, os cales son considerados coma inmaturos e que afectan á saúde mental. (5, 9, 11)

Por outra banda, as prostitutas son un grupo vítima do estigma, illado socialmente, considerado coma desviado da sociedade. Algúns autores destacan o feito de que a soidade e máis a desprotección inflúen negativamente na súa integridade mental. (5, 9, 11, 12)

Por último, destácase a pobreza de axuda profesional a prostitutas. Autores expoñen que acoden a servizos de saúde mental onde reciben un diagnóstico, pero cun seguimento escaso posterior. Así mesmo, hai unha escasa existencia de programas específicos e moi pouca asistencia sanitaria co fin de tratar a estas mulleres. (8, 10, 11)

---

## **7. CONCLUSIÓNS**

- O exercicio da prostitución afecta de forma grave á saúde mental das mulleres que a exercen. Demóstrase que o estado da mente das traballadoras sexuais é peor ca o do resto da poboación.
- As principais enfermidades mentais que afectan as mulleres prostituídas son: o Trastorno Depresivo e o Trastorno de Estrés Post Traumático. Así mesmo, chama a atención a elevada prevalencia de ideación suicida e máis das tentativas, as cales se evidencia que suceden máis dunha vez. Tamén é destacable os patróns de conduta asociados a Trastornos de Personalidade Antisocial e Límite.

- O consumo de drogas e máis a dependencia destas é frecuente nas prostitutas. É un problema que agrava os síntomas mentais. Empréganse as drogas como mecanismo de disociación co fin de poder aguantar as experiencias traumáticas ás que se ven sometidas. As drogas non só agravan os problemas mentais, se non que, afectan ó tratamento e á posible recuperación.
- Chégase á conclusión de que a prostitución é un problema para á saúde pública porque afecta á saúde física e mental das mulleres que exercen. Isto débese á que estas vense sometidas a unha brutal violencia física, psicolóxica e sexual, a maioría das veces sendo os clientes, os propios agresores.
- Ademais, as prostitutas conforman un grupo socialmente desviado, son vítimas do estigma ao mesmo tempo que existe unha impunidade total sobre os consumidores de prostitución.
- As traballadoras sexuais están tan illadas da sociedade que contan con moi pouca protección. Apenas existen programas de saúde que brinden axuda, tanto física como mental. En definitiva, os servizos sanitarios son escasos para paliar un problema que afecta a millóns de mulleres no mundo.

---

## 8. BIBLIOGRAFÍA

1. Ekis Ekman K. El ser y la mercancía. Barcelona. Edicions Bellaterra; 2017. 247 p.
2. Ranea Tiviño B. Una mirada crítica al abordaje de la prostitución: reflexiones sobre la abolición. *Gac Sanit* [Internet]. 2021 [citado 22 de maio de 2022];35(1):93–94. Disponible en: <https://www.scielosp.org/article/gs/2021.v35n1/93-94/es/>
3. Posada Kubissa L. Reflexiones críticas sobre la prostitución desde el modelo abolicionista. *Oñati Socio-legal Series*. 2019; 9 (1), 27-39.
4. Park JN, Decker MR, Bass JK, Galai N, Tomko C, Jain KM, Footer KHA, Sherman SG. Cumulative Violence and PTSD Symptom Severity Among Urban Street-Based Female Sex Workers. *J Interpers Violence* [Internet]. 2021 [citado 22 de maio de 2022] Nov;36(21-22):10383-10404. Disponible en: <https://www.ncbi.nlm.nih.gov/pmc/articles/PMC7195245/>
5. Pinedo González R, Palacios Picos A, de la Iglesia Gutiérrez M. "Surviving the Violence, Humiliation, and Loneliness Means Getting High": Violence, Loneliness, and Health of Female Sex Workers. *J Interpers Violence* [Internet]. 2021 [citado 24 de maio de 2022] May;36(9-10):4593-4614. Disponible en: <https://pubmed.ncbi.nlm.nih.gov/30084291/>
6. Park JN, Decker MR, Bass JK, Galai N, Tomko C, Jain KM, Footer KHA, Sherman SG. Cumulative Violence and PTSD Symptom Severity Among Urban Street-Based Female Sex Workers. *J Interpers Violence* [Internet]. 2021 [citado 23 de maio de 2022] Nov;36(21-22):10383-10404. Disponible en: <https://journals.sagepub.com/doi/10.1177/0886260519884694>
7. Manning D, Majeed-Ariss R, White C. Sex workers reporting rape: Understanding their vulnerabilities to improve their care. The characteristics of sex workers who attend Saint Marys Sexual Assault Referral Centre. *J Forensic Leg Med*. [Internet]. 2020 [citado 27 de maio de 2022] Nov;76:102068. Disponible en:

<https://www.sciencedirect.com/science/article/abs/pii/S1752928X2030175X?via%3Dihub>

8. Teixeira A, Oliveira A. Exploratory study on the prevalence of suicidal behavior, mental health, and social support in female street sex workers in Porto, Portugal. *Health Care Women Int* [Internet]. 2017 [citado 27 de maio de 2022] Feb;38(2):159-166. Disponível en: <https://pubmed.ncbi.nlm.nih.gov/27218203/>
9. Cabrerizo Egea MJ. Situación socio-sanitaria de mujeres que ejercen la prostitución en Almería [Tese doutoral]. España: Universidade de Granada; 2015. Disponível en: <https://digibug.ugr.es/bitstream/handle/10481/40940/25326582.pdf?sequence=1&isAllowed=y>
10. Cascio KA. Providing trauma-informed care to women exiting prostitution: assessing programmatic responses to severe trauma. *J Trauma Dissociation* [Internet]. 2019 Jan-Feb;20(1):100-113. Disponível en: <https://pubmed.ncbi.nlm.nih.gov/30075093/>
11. Tiosavljević D, Djukić-Dejanović S, Turza K, Jovanović A, Jeremić V. Prostitution as a Psychiatric Situation: Ethical Aspects. *Psychiatr Danub* [Internet]. 2016 [citado 28 de maio de 2022] Dec;28(4):349-356. Disponível en: <https://pubmed.ncbi.nlm.nih.gov/27855425/>
12. Millan-Alanis JM, Carranza-Navarro F, de León-Gutiérrez H, Leyva-Camacho PC, Guerrero-Medrano AF, Barrera FJ, Garza Lopez LE, Saucedo-Uribe E. Prevalence of suicidality, depression, post-traumatic stress disorder, and anxiety among female sex workers: a systematic review and meta-analysis. *Arch Womens Ment Health* [Internet]. 2021 [citado 30 de maio de 2022] Dec;24(6):867-879. Disponível en: <https://link.springer.com/article/10.1007/s00737-021-01144-1>